

En Santiago de Compostela, a 14 de novembro de 2023, reunido o Comité Galego de Xustiza Deportiva en sesión plenaria celebrada o día da data, resolveu o Recurso RN 226/2022

Expediente 226/2022

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. – En data 28/10/22 Don Carlos Antonio Cayado García, en calidade de presidente da Asociación Coruñesa de Waterplo presentou, con entrada no rexistro do Comité Galego de Xustiza Deportiva nese mesma data e número de rexistro 2022/2643584 recurso fronte á decisión que foi comunicada pola FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN (en adiante FEGAN), en data 27/10/22 na que se lle indicou que non o podía exercer coma adestrador e que non podían *“inscribir ningún equipo en ninguna liga gallega sin un técnico con la titulación requerida, como aparece reflejado en la normativa”*

No recurso, en síntese, expón:

- 1) Don Carlos leva exercendo coma adestrador da Asociación Coruñesa de Waterpolo (en adiante ACW) dende a tempada 2012/2013, coa autorización da FEGAN
- 2) Ante a falla de persoal cualificado naqueles anos, coa intención de formar novos técnicos de Waterpolo en Galicia, a FEGAN impartiu unas Xornadas Técnicas de Waterpolo abertas a todos (en concreto 3 xornadas)
- 3) O 22/05/14 a FEGAN remitiu ós Clubs Galegos un mail denominado “Xornadas Técnicas de Waterpolo (achega o documento).
- 4) O 16/06/14 remtiron un mail á secretaría da FEGAN preguntando se as xornadas servirían para dirixir e coordinar ós equipos de base e se, polo tanto, tería recoñecemento a figura de adestrador local ou provincial (achega o documento).
- 5) O 6/08/14 remitiron un mail á FEGAN solicitando asistir ás II Xornadas Técnicas de Waterpolo (achegan documento). Respostaron que *“nos interesa que se forme el mayor número de gente”* (achegan o documento)
- 6) O 4/06/15 a FEGAN enviou ós Clubs galegos un mail denominado III Xornadas Técnicas de Waterpolo. E o 27/08/15 a través da Secretaría se confirmaron.
- 7) O 1/09/15 se comunica por parte da secretaría da FEGAN que *“las personas que tengan solo las I Jornadas Técnicas podrían hacer de entrenadores en categorías de base pero nunca en categoría absoluta”*, entendendo así o recoñecemento e a oficialidade do curso (achegan o documento)
- 8) O 13/12/16 a secretaría da FEGAN voltou remitir un mail ofertando a repetición das Xornadas e dician *“estas jornadas acreditan para poder dirigir a las categorías inferiores”* (achegan o documento)
- 9) As Xornadas non foron gratuitas. Os contidos (que achegan) ofrecían moitísima máis información de Waterpolo que a que se poder impartir no TAFAD (Técnico)





- en animación de actividades físicas e deportivas) o nun LCCAFA(Licenciado das Actividades Físicas e do Deporte) ou incluso que un monitor de natación.
- 10) As 3 xornadas asistiu Don Carlos Cayado García.
 - 11) A FEGAN oficializou e contemplou por escrito na súa normativa xeral, tempada 2017/2018, epígrafe 9, adestradores, as Xornadas Técnicas de Iniciación o Waterpolo para as categorías inferiores, ata 18 anos, esixindo a partir de ahí unha máis importante.
 - 12) Transcorrido un ano, tempada 2018.2019 a titulación desaparece, sen que ningún equipo galego solicitase a súa desaparición, nin fose tratado en ningún órgano colexiado (Asamblea Xeral ou Comisión Delegada).
 - 13) A pesares da desaparición a FEGAN autorizou a Don Carlos a tramita-la licencia federativa coma adestrador nas tempadas 2018-2019/2019-2020/2020-2021/2021-2022.
 - 14) Para a tempada 2022/2023 se endurecen a titulación
 - 15) O 28/09/22 remitiron mail comunicando que solicitaran o día 21 autorización para tramita-la licencia coma adestrador. A resposta foi que aplicaran a normativa de titulacións (achega o documento).
 - 16) O 27/10/22 o Delegado Federativo remite un mail no que denega a posibilidade de exercer coma adestrador engadindo *"no podemos inscribir ningún equipo en ninguna liga gallega sin un técnico con la titulación requerida, como aparece reflejado en la normativa"* (achegan documento). Xa fixeran o abono das licenzas, a cuota por participar na Liga, os arbitraxes e as mesas de tódolos partidos tempada 2022-2023
 - 17) Afirma que non existe ningunha acta de reunións de técnicos onde se votara de maneira colexiada a eliminación das xornadas técnicas de waterpolo da normativa xeral.
 - 18) Afirma que non existiu convocatoria de reunión de adestradores onde se tratara a cuestión.
 - 19) Afirma que non existe ningunha Asamblea na que tratara de maneira colexiada a cuestión.
 - 20) Foi unha decisión unilateral
 - 21) Prácticamente ningunha das proposta dos Clubes é tratada nas reunións. Non se consensúan os temas.
 - 22) En data 19/05/22 solicitan copia da acta do acordo. Non tiveron resposta.
 - 23) Asegura que se favorecen uns clubs respecto doutros e que en moitos casos se utiliza a normativa para colocar a pais ou chavales para exercer de adestradores.
 - 24) Solicitan a intervención do Comité respecto desta cuestión, entende que o seu club está a ser perseguido para aparta-lo da competición.

En data 15/03/23, número de rexistro entrada 2023/855881 o recorrente presenta un novo escrito no que en síntese, alega:

- 25) O adestrador do CLUB WATERPOLO RIAS ALTAS informoulle que non ten o título que se esixe por normativa para ser adestrador de Categorias Absolutas (Masculina e feminina); que lle faltan prácticas e que exerce dende o inicio da tempada porque foi autorizado para tramita-la licencia de técnico. Ten





- autorización verbal do Director Técnico de Waterpolo da FEGAN, Don Enrique García Ordóñez, mesma persoa que impartiu as Xornadas de Waterpolo.
- 26) Parece ser que hai bastantes técnicos sen titulación encargándose dos equipos, participando da competición oficial federada.
 - 27) El non pode dirixi-lo equipo pois é considerado coma un mero delegado.
 - 28) O Club foi multado por non ordear os DNI e non ordear ós xogadores por número de gorro.
 - 29) Foi expulsado de 2 encontros por levantarse do banquillo para dar instrucciónes, de xeito inconsciente. Os menores quedaron sen un adulto na piscina. A sanción de dous partidos está cautelarmente suspendida.
 - 30) Transcribe copia dunha mensaxe na que solicitaba que 3 dos seus xogadores se presentasen ós exames para ser colexiados. A actual membro do Comité de Apelación da FEGAN chamou infiltrados ós nenos do seu club, deixando constancia de que non quere ten a deportistas dea súa entidade para non convoca-los. A SRa Sánchez de Paz é actual parella do vicepresidente da FEGAN
 - 31) Entende que dende que abandonou o equipo de waterpolo do CLUB NATACIÓN CORUÑA sofre unha persecución do Vicepresidente, porque non quere máis ca un club na cidade. Pretenden que o ACW desaparezca.

SEGUNDO. – Admitido a trámite o recurso, mediante providencia de data 09/11/2022 deuse traslado á FEGAN para que presentase o seu informe e remitise o expediente, requirimento que se reiterou o 21/03/2023.

TERCEIRO. –En data 4/04/23 e número de rexistro 2023/1062548 a FEGAN emitiu informe, con documentación adxunta no que, en síntese, refería:

- 32) Dacordo cos Estatutos da FEGAN (art. 4.5) e coa Lei 3/2012 do Deporte de Galicia (art. 56.2 e) a Federación ten competencia para elaboralos seus propios regulamentos e normativas. Dacordo cos seus estatutos e coa Lei do Deporte a Federación expide licenzas deportivas e vela porque a normativa se cumpra.
- 33) A FEGAN se integra na RFEN e debe respetar e manter os seus criterios.
- 34) Na **Asamblea Xeral da FEGAN celebrada en data 17/06/2022** aprobouse para esta tempada a Normativa Xeral de Waterpolo (Achegan o documento). Na súa norma 2.2.3 di: *"Para poder estar inscrito en el acta como primer entrenador o segundo entrenador, con todas sus competencias, derechos y deberes, de cualquier partido oficial de waterpolo, se deberá acreditar cualquiera de las siguientes titulaciones en función de las categorías indicadas a continuación*
 - a. **2.2.3.1 Categorías Inferiores (Benjamín Alevín Cadete, Juvenil. Licenciado o Graduado en Ciencias de la Actividad Física y el Deporte TSAFAD, Monitor de Natación o superior.**
- 35) Polo tanto en categorías inferiores a esixencia de titulación parte dun título mínimo de Monitor de Natación. O recorrente non posúe a titulación; polo tanto non está habilitado para actuar coma adestrador nas categorías nas que o club está inscrito.
- 36) Nesta tempada veu realizando labores de Delegado, pois non precisa de titulación para ilo (normativa xeral 2.3).
- 37) Toda a normativa é pública e figura na páxina web de FEGAN.





- 38) Cada tempada a normativa xeral é aprobada, adoptándose novas regras de forma periódica, aprobadas en Asamblea. A iniciativa parte da Comisión Técnica, segundo o art. 73 dos Estatutos: *"O director técnico someterá , en primeiro lugar, ao Presidente, para sometelo posteriormente á Xunta Directiva ou á Comisión Permanente as decisións que tome sobre os asuntos Técnico-Deportivos da súa competencia ou que esta lle confíe: Serán da súa competencia: 73.2.- Propoñer os Regulamentos das competicións e das variacións que lle sexan convenientes, tendo en conta os Regulamentos en vigor da RFEN e os seus calendarios oficiais".* O art. 64, respecto das competencias da Xunta Directiva recolle: *"64.6 Propoñer á Asamblea Xeral a aprobación dos Regulamentos internos da FEGAN, tanto técnicos como de competición, e das súas modificacións"* Elevadas as propostas de regulamentación todos os clubs poden realizar alegacións, e son remitidas antes da celebración da Asamblea.
- 39) Tendo en conta o anterior foi aprobada a titulación do adestrador de waterpolo nas distintas categorías, en consonancia co establecido na RFEN. O que se pretende con esta normas é a que a formación impartida ós xogadores sexa de calidade, a través de técnicos que teñan unha titulación que lles otorgue coñecementos específicos. A existencia de titulación para o desenvolvemento de actividades federativas de carácter técnico por partes das Federacións deportivas está permitido segundo a Lei do Deporte de Galicia tanto no seu art. 38 coma no art. 73.
- 40) A normativa foi evolucionando ó longo das tempadas. Na tempada 2014-2015, en relación coas categorías inferiores, se admitía, respecto dos adestradores, as seguintes titulacións: Licencia en CAFED, Graduado en CAFED, TAFAD, Monitor de Natación ou superior, Xornadas Técnicas de Iniciación ao Waterpolo, Titulación equivalente ás anteriores. Máis ampla de cara a que os adestradores se formaran, posto que a maioría carecían de titulación. As Xornadas Técnicas de Iniciación foron impartidas durante anos, co o obxectivo de dar formación básica como primeiro paso á titulación oficial requirida. Os adestradores se formaron, excepto o recorrente. Transcorrido certo tempo (seis tempadas) a partir da tempada 2018-2019 se decide que o cursillo básico deixara de ser habilitante.

O cambio foi aprobado na Asamblea dese ano nos seguintes termos:

"Adestradores

9-1 As licenzas de adestradores deberán ser presentadas no mesmo prazo que as dos xogadores, nunha relación aparte.

9.2 Para poder estar inscrito no acta coma primeiro ou segundo adestrador , cos seus correspondentes dereitos e deberes, de calquera partido oficial de waterpolo, deberase acreditar calquera das seguintes titulacións en función das categorías indicadas a continuación: Categorias inferiores (Benxamín, Alevín, Infantil-Cadete-Xuvenil) Licenciado en CAFED, Graduado en CAFED, TAFAD, Monitor de Natación u outra superior, Titulación equivalente ás anteriores no estranxeiro

- 41) Pública e privadamente, a pesares do anterior, durante as tempadas 2019-2020, 2020-2021 e 2021-2022, foi permitida a intervención coma adestrador do





recorrente, tendo que ter regulada a titulación na tempada 2022-2023. Durante todo ese tempo se organizaron cursos en Galicia, en total 12 de monitor e 2 de adestrador auxiliar (indican datas e lugares). O recorrente non fixo ningún.

- 42) Na Asamblea Xeral celebrada na presente tempada se propuxo de novo a aprobación de normativa xeral (achegan a convocatoria) . A Asamblea aprobou a norma, en cuxo punto 2.2 se recolle o aprobado na tempada 2018/19.
- 43) Indican que é falso que outros técnicos galegos estean inscritos sen titulación. No caso de D. Marcos Patiño ten o título de monitor e cursou o de adestrador auxiliar cuxa fase común foi celebrada na Coruña no mes de xuño de 2022 (achegan documento), e fase específica a principio desta tempada, pendente de remata-las prácticas.
- 44) O recorrente carece da titulación esixida e por iso non pode actuar coma adestrador.

CUARTO.- En virtude de escrito de data 20/10/23 e número de rexistro 2023/2834025 o recorrente presentou varios documentos:

- 45) Mail de data 27/09/23 remitido pola FEGAN referido a un primeiro borrador de calendario,
- 46) O día 3/10/23 a Asociación Coruñesa de Waterpolo tramitou un lote de licenzas federativas que foron aceptadas.
- 47) En data 10/10/23 a Asociación Coruñesa de Waterpolo tramitou un segundo lote de licenzas que foron aceptadas
- 48) En data 17/10/23 a Asociación Coruñesa de Waterpolo tramita un tercer lote de licenzas que foron aceptadas.
- 49) O 17/10/23 a FEGAN enviou un mail onde pedía que lle indicaran días e horas para xogar. Contestaron
- 50) O 18/10/23 a petición da FEGAN se enviou Anexo 1 "Formulario de inscrición" debidamente cumprimentado
- 51) Ese mesmo día recibiron un mail no que, a pesares de todo o anterior, se lles lembra que para competir teñen que cumprir de maneira obrigatoria coa Normativa, cun adestrador con titulación. Contestan solicitando que ata que nos resolva o CGXD Don Carlos A. Cayado García poda estar no banquillo axudando ós deportistas
- 52) O día 20/10/23, a tan só 2 días do partido, a FEGAN suspende o encontro alegando que a Asociación Coruñesa de Waterpolo non cumpre coa normativa de adestrador.
- 53) O recorrente denuncia unha serie de incumprimentos nos que, segundo afirmaron, se incorreu na tempada pasada: A piscina do Centro Galego de Tecnificación incumpre a normativa de Instalacións e celebración de encontros; A piscina municipal de Riazor incumpre tamén; o Club de Waterpolo de Lugo se lle permitiu competir na Liga sen dispoñer de adestrador cualificado; ó Club de Waterpolo Rías Altas se lle permitiu competir nas mesmas circunstancias; Tódolos clubs galegos incumpren dunha maneira u outra as normativas aprobadas en Asamblea; A FEGAN, coñecedora da súa situación por tempadas anteriores permitiu tramita-las licenzas, paga-las cuotas... para logo apraza-los encontros. Pagaron o custo da piscina Universitaria de Vigo CUVI ata Decembro para poder disputa-los encontros como equipo local. Van suspender tódolos encontros.

Solicitan o ben que se resolva o se tomen medidas cautelares.



QUINTO.- En virtude de resolución de data 3/11/2023 se puxo de manifesto ó expediente ós interesados para que nun prazo de 10 días puideran facer alegacións e presentar documentación.

SEXTO.- En data 9/11/23 e número de rexistro 2023/2997879 o recorrente presentou escrito no que en síntese reitera o alegado en relación con certos wathsapps e aporta outros novos nos que, segundo afirma, consta a proba das conversacións nas que queda clara a animadversión que se ten hacia o CLUB por parte dos órganos Federativos.

Aporta tamén mensaxes nas que, segundo afirma, se acredita que o CLUB RIAS ALTAS non debería de ter xogada por incumpri-la normativa.

Aporta mail no que se deixa constancia de que se están a suspender tódolos partidos do Club recorrente por non cumprir coa normativa, xa que non ten adestrador coa titulación esixida.

Aporta whatsapp referido á celebración da Asamblea e, segundo aprecia, hai concerto entre os árbitros e a Directiva para apoia-las decisións da derradeira. Considera que de maeira improcedente se impoñen dirctivas e que por ilo a organización non é democrática. Entende que hai abuso de poder por parte da Xunta Directiva da FEGAN.

Insiste en que foron enganados no momento no que se lles ofreceron as Xornadas Técnicas. Non acepta que non haxa convalidación técnica en base á experiencia. Califica a situación coma fraudulenta.. Cuestiona o contido das novas titulacións e a formación que se imparte.

Afirma que todo o anterior foi levado a cabo para saca-lo da competición.

É relatora dona **Beatriz Seijo Méndez.**

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. – Competencia

O Comité Galego de Xustiza Deportiva é competente para coñecer das cuestións de carácter organizativo-competencial que poidan ser plantexadas en relación á organización das competicións (artigo 93.1.b) e o control administrativo respecto das funcións públicas encomendadas ás Federacións (art.93.1.d)), Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia. En consecuencia a cuestión suscitada é competencia deste Comité.

SEGUNDO. – Lexitimación.

O recorrente ostenta lexitimación activa para a interposición do presente recurso en calidade de presidente do Club denominado "Asociación Coruñesa de Waterpolo", fronte á decisión que foi comunicada pola FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN en data 27/10/22 na que se lle indicou que non o podía exercer coma adestrador e que non podían *"inscribir ningún equipo en ninguna liga gallega sin un técnico con la titulación requerida, como aparece reflejado en la normativa"*



TERCEIRO. – Temporalidade do recurso.

Considera este Comité que o recurso se interpuxo en prazo pois a decisión recorrida foi comunicada en data 27/10/22 e o recurso foi presentado en data 28/10/22.

CUARTO. – Obxecto e pretensión do recurso.

No recurso se cuestiona a decisión de data 27/10/22 adoptada pola FEGAN pola que se impedía ó recorrente exercer coma adestrador e inscribir ningún equipo en ningunha das ligas galegas sen un técnico coa titulación requerida. Como consecuencia do anterior se suspenderon os partidos nos que ía participar o Club.

QUINTO. – Consideracións do CXDG.

Neste caso nin o recorrente nin a FEGAN cuestionan que en pasadas tempadas (dende a 2012/2013) o presidente Don Carlos exercía coma adestrador da Asociación Coruñesa de Waterpolo coa autorización da FEGAN, contando unicamente coas Xornadas técnicas impartidas pola FEGAN, ás que asistiu.

A pesares de que no recurso se alegou que na tempada 2018/2019 desapareceu da normativa a inclusión de asistencia ás devanditas Xornadas coma suficiente titulación para ser adestrador en categorías inferiores, sen que ningún equipo galego solicitase a súa desaparición, nin fose tratado en ningún órgano colexiado (Asamblea Xeral ou Comisión Delegada), a FEGAN, por vía de informe, aportando a normativa Xeral aprobada nesa tempada, circular 18-41, acreditou que a partir da tempada 2018-2019 se decidiu na Asamblea celebrada ese ano que o cursillo básico deixara de ser habilitante.

O cambio foi aprobado nos seguintes termos:

"Adestradores

9.2 Para poder estar inscrito no acta coma primeiro ou segundo adestrador , cos seus correspondentes dereitos e deberes, de calquera partido oficial de waterpolo, deberase acreditar calquera das seguintes titulacións en función das categorías indicas a continuación: Categorias inferiores (Benxamín, Alevín, Infantil-Cadete-Xuvenil) Licenciado en CAFED, Graduado en CAFED, TAFAD, Monitor de Natación u outra superior, Titulación equivalente ás anteriores no estranxeiro

Non consta que o recorrente impugnara o acordo.

A pesares do anterior, a FEGAN recoñece que autorizou a Don Carlos a tramita-la licencia federativa coma adestrador nas tempadas 2018-2019/2019-2020/2020-2021/2021-2022. Durante ese tempo se organizaron cursos en Galicia, en total 12 de monitor e 2 de adestrador auxiliar (indican datas e lugares), coa finalidade de adaptarse á normativa aprobada, pois moitos adestradores carecían de titulación.



O recorrente decidiu non seguir ningún curso dos impartidos segundo a FEGAN; o recorrente non se pronuncia ó respecto.

De novo na Asamblea celebrada na tempada 2022/2023 en data 17/06/22, se acordou a aprobación da Normativa Xeral segundo a redacción anterior, en relación cos adestradores e as titulacións esixidas. A FEGAN achega a NORMATIVA XERAL DE WATERPOLO temporada 2022-2023, Circular 22-40 na que se pode comprobar no Apartado 1. ORGANIZACIÓN, Punto 2.2.3.1 as titulacións requeridas para actuar coma adestrador das categorías inferiores, nas que non se inclúe a asistencia ás Xornadas.

Queda así acreditado que a FEGAN aprobou o cambio respecto das titulacións requeridas para os adestradores de waterpolo segundo a normativa aprobada, sen que conste que o recorrente impugnara nin as convocatorias das Assembleas nin os acordos alcanzados nelas.

O recorrente, conforme a normativa, carece da titulación esixida e por iso non pode actuar coma adestrador.

No tocante a actuacións que poideran ser constitutivas de abuso de poder polas sancións que se lle impuxeron ó recorrente (por levantarse do banquillo e impartir instrucións, entre outras) o cauce adecuado respecto delas é a través dos recursos en vía federativa para, posteriormente, por vía de recurso fronte a decisión de impoñer determinada sanción acudir ó Comité Galego de Xustiza Deportiva.

No referido á tramitación de documentación requerida para competir e asunción de costes a cargo do CLUB ACW con esa mesma finalidade, se ben non se trata do obxecto do recurso, a actuación da FEGAN non resulta censurable pois parece aconsellable que se tramiten e abonen, e non transcorran os prazos á espera da consecución dun adestrador que teña a titulación requerida. De ter acadado un adestrador, transcorridos os prazos, podería resultar imposible participar na competición.

En todo caso entendemos que o CLUB pode instar a súa devolución.

No tocante ó escrito de data 20/10/23 no que se aludía a varios incumprimentos da normativa da tempada anterior protagonizados por determinados centros deportivos ou clubs, as presuntas irregularidades terían que ser tratadas en procedementos propios nos que tivesen participación os interesados dependendo, ademais, de se ditos incumprimentos pertencen ou non o ámbito competencial do CGXD, e segundo os cauces do procedemento correspondente (ordinario ou sancionador).

O recurso non pode prosperar.

En virtude de todo o exposto,

O PLENO DO COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA, por unanimidade, **ACORDA DESESTIMAR O RECURSO PRESENTADO POLA ASOCIACIÓN CORUÑESA DE WATERPOLO** contra a decisión de data 27/10/22 adoptada pola FEGAN pola que se impedía ó recorrente exercer coma adestrador e inscribir ningún equipo en ningunha das ligas galegas sen un técnico coa titulación requerida.





RECURSOS

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da mesma, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Teresa Carrera Babarro, secretaria

CERTIFICO:

Que no Pleno do devandito Comité en sesión celebrada o día 14 de novembro de 2023 ditouse a referida resolución, o que lle notifico a Vd. na súa condición de parte interesada para o seu debido coñecemento e cumprimento.

Santiago de Compostela,
O Pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
P.O. A secretaria do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
Teresa Carrera Babarro

